

7 EN QUE CONSISTIU A BIPOLARIZACIÓN DO MUNDO?

OBXECTIVO

Comprender as causas e en que consistiu a división do mundo en dous bloques antagónicos despois da Segunda Guerra Mundial, así como as súas consecuencias nas relacións internacionais.

Unha vez rematada a Segunda Guerra Mundial, o mundo viviu entre os anos 1945 e 1991, unha prolongada época de tensións, conflitos e guerras localizadas. O **bloque capitalista**, liderado polos Estados Unidos, e o **bloque comunista**, liderado pola Unión Soviética, pugnaban pola supremacía mundial.

Ambos os dous bloques dispoñían de armamento nuclear capaz de destruír o mundo enteiro. Ao longo de medio século sucedéronse épocas de Guerra Fría, con conflitos armados localizados e episodios de tensión diplomática, con períodos de coexistencia pacífica.

Varios acontecementos de 1979 e 1980 volveron incrementar a tensión internacional e iniciouse a "segunda guerra fría", aínda que non foi tan agresiva como a primeira.

RELACIONA AS IDEAS

1. Que foi a política de bloques que seguiu á Segunda Guerra Mundial?
2. Que tres situacións diferentes se deron nas relacións internacionais entre 1945 e 1991?
3. Por que se denomina mundo bipolar esta etapa da historia mundial?

TIRA CONCLUSIÓNS

4. Analiza como as caricaturas reflicten as distintas conxunturas da relación entre as dúas grandes potencias.
5. Cres que a actual situación mundial segue sendo bipolar? Xustifica a túa resposta.

CREACIÓN DUN MUNDO BIPOLAR (1945-1948)

A FORMACIÓN DE BLOQUES

- Fin da alianza entre a Unión Soviética, os Estados Unidos, Gran Bretaña e Francia.
- A rivalidade entre os EUA e a URSS dividiu o mundo en dous bloques enfrontados.
- Cada potencia tratou de exercer a hexemonía sobre o seu bloque, espallar a súa influencia no mundo e impedir o aumento da do seu rival.



Churchill, Roosevelt e Stalin na Conferencia de Yalta, 1945.

O PANO DE ACEIRO

Dende Stettin, no Báltico, a Trieste, no Adriático, caeu sobre o continente un pano de aceiro. Tras el atópanse todas as capitais dos antigos Estados de Europa central e oriental (...), todas estas famosas cidades e as súas poboacións e os países ao redor delas atópanse no que debo chamar a esfera soviética, e todos están sometidos, dun xeito ou doutro, non só á influencia soviética, senón a unha altísima e, en moitos casos, crecente medida de control por parte de Moscova (...). Cómpre que os pobos de lingua inglesa se unan con urxencia para lles impedir aos rusos toda tentativa de cobiza ou aventura.

Discurso de Winston Churchill, 1946.

UN MUNDO DIVIDIDO



A GUERRA FRÍA (1947-1962)

- Tensión ideolóxica, política e militar entre bloques.
- Conflitos localizados e periféricos que enfrontaban de modo indirecto ambas as dúas potencias.
- Pactos militares para control dos seus aliados: os Estados Unidos (OTAN) e a Unión Soviética (Pacto de Varsovia).
- Carreira de armamentos: perigo nuclear.
- Disidencias e problemas internos para manter a cohesión nos bloques.



As dúas Alemañas con Stalin e o Tío Sam, segundo unha caricatura de 1949.


O perigo nuclear, 1949.



- 1941-1950: Guerra en Grecia
- 1948: Bloqueo de Berlín
- 1950: Guerra de Corea
- 1954: Guerra de Vietnam
- 1956: Crise de Suez
- 1961: Muro de Berlín
- 1962: Crise dos mísiles en Cuba

A COEXISTENCIA PACÍFICA (1962-1979)

- Cambios nos dirixentes de ambas as dúas potencias (Khrushchev na URSS e Kennedy nos EUA) promoven novas relacións internacionais.
- Inicio dunha nova etapa de coexistencia pacífica caracterizada polo diálogo e a distensión das relacións internacionais.
- Diminución dos conflitos, pero mantemento dalgúns episodios de enfrontamento.




Caricatura das negociacións SALT, 1972.

- 1961: Fin de experimentos nucleares
- 1968: Tratado de non proliferación nuclear
- 1972: SALT 1. Conxelación de armas nucleares
- 1979: SALT 2. Igualdade de armamento nuclear
- 1987: Desarmamento de armas de medio alcance
- 1991: START 1. Redución das armas estratéxicas
- 1995: Prohibición de ensaios nucleares

VOLTA Á GUERRA FRÍA (1979-1991)

- Debilitamento da posición dos Estados Unidos no contexto internacional.
- Revolución islamista en Irán. A URSS inicia a súa política expansionista e invade Afganistán.
- O Presidente Reagan inicia a política de intervencións militares americanas, sobre todo no Caribe.
- Sancións políticas e económicas contra a URSS. Apoio americano ás guerrillas musulmás para expulsar os soviéticos.



As grandes potencias enfróntanse de novo, 1985.

- 1978: Invasión de Afganistán pola URSS
- 1979: Revolución islamista en Irán. Caída do xa de Persia, aliado americano na zona
- Boicot XXOO de Moscova (1980) e Los ángeles (1984)
- 1983: Invasión dos EUA da illa caribeña de Granada
- 1983: Guerra das Galaxias